1418

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Edificio administrativo San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tfno.: 981 54 51 10 - Fax: 981 54 51 94
dxorzamentos@conselleriadefacenda.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS
galicia
28 NOV. 2014
ENTRADA Nº
SAÍDA Nº 4644

Ref.- jcm/sxro

Visto o anteproxecto *de lei de Portos de Galicia*, co obxecto de poder emitir o seu informe preceptivo sobre as súas repercusións orzamentarias, requíre a modificación da memoria económico-financeira para que, conforme ao establecido no artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, avalíese axeitadamente os custos que poida representar e considere as alternativas existentes para o seu financiamento.

Ao respecto, solicítase que a modificación incida sobre os seguintes extremos:

- En canto ao Consello Reitor, deberá indicarse, con claridade, se os seus membros perciben algún tipo de retribución ou indemnización/compensación económica pola asistencia ás xuntanzas, e de selo caso, as partidas orzamentarias que as financian.
- No artigo 124.2 atribúeselle ao persoal de Portos de Galicia funcións inspectoras e de policía administrativa, coa consideración no exercicio desas funcións de axentes de autoridade. Para os efectos de realizar unha valoración desta medida, necesítase unha relación do persoal que a entidade necesitará para desempeñar as mencionadas funcións e unha memoria económica na que se especifique o maior gasto que, se é o caso, vai a supoñer o exercicio das mencionadas funcións e o seu financiamento.

A memoria económica deberá axustarse ao disposto na Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuacións (DOG nº 48, do 10 de marzo de 2011).

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2014
O Subdirector Xeral de Recursos e Análise Orzamentaria

Joaquín Caballero Miranda

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
03 DEC. 2014
ENTRADA Nº 8988
SAÍDA Nº

SECRETARIA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 5ª
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Portos de Galicia

galicia

INFORME SOBRE OS REQUIREMENTOS FORMULADOS POLA DIRECION XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA (APLG), FORMULADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS CONSELLERÍA DE FACENDA.

Dentro do trámites corresponden do borrador de Anteproxecto de lei de Portos de Galicia (en adiante borrador de Anteproxecto), que se promove pola Consellería de Medio Rural e do Mar, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, formula os seguintes requerimentos:

- En canto ao Consello Reitor, deberá indicarse, con claridade, se os seus membros perciben algún tipo de retribución ou indemnización/compensación económica pola asistencia ás xuntanzas, e de selo caso, as partidas orzamentarias que as financian.
- No artigo 124.2 atribúeselle ao persoal de Portos de Galicia funcións inspectoras e de policía administrativa, coa consideración no exercicio desas funcións de axentes de autoridade. Para os efectos de realizar unha valoración desta medida, necesítase unha relación do persoal que a entidade necesitará para desempeñar as mencionadas funcións e unha memoria económica na que se especifique o maior gasto que, se é o caso, vai a supoñer o exercicio das mencionadas funcións e o seu financiamento.

A memoria económica deberá axustarse ao disposto na Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuacións (DOG nº 48, do 10 de marzo de 2011).

En relación ao primeiro indicar que no artigo 25 do borrador de Anteproxecto, engádese un novo apartado que acolle o dito requerimento.

k) A fixación do réxime retributivo dos membros do Consello Reitor e a determinación das dietas, indemnizacións ou compensacións económicas por asistencia dos seus membros ás sesións e xuntanzas do dito Consello Reitor.

Agora ben cómpre sinalar que a previsión que determina a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, na actualidade está prevista no artigo 19.d) do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado por Decreto 227/1995, do 20 de xullo, do Consello da Xunta que atribúe a este a competencia para "...así como a fixación do réxime retributivo dos membros do Consello de Administración" (entendase Portos de Galicia). Se ben se acolle a observación o certo é que se procede a elevar de rango normativo este punto.

O Consello da Xunta na súa reunión de 12.02.1998, adoptou o Acordo de fixar en 29.000 ptas. brutas por sesión a contía que, en concepto de indemnización por asistencias ás sesión do Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia, percibirán os seus membros. Contía que desde a dita data non experimentou variación algunha.

Respecto do maior custo que para Portos de Galicia suporá a atribución ao persoal gardapeiroas da condición de axente da autoridade en exercio das funcións de policía administrativa indicadas no artigo 124.2 do dito Anteproxecto, cómpre indicar que:

Estas funcions xa veñen sendo desempeñadas polo persoal gardapeiraos, tanto o provinte da antiga Subdirección Xeral de Portos e integrado posteriormente en Portos de Galicia, como o de novo ingreso posterior, existindo xuriprudencia que lle recoñece tal condición en canto canto suxeito pasivo de atentados sufridos no exercicio destas.

O borrador de Anteproxecto, pretende reforzar tales recoñecementos xudiciais en termos similares ao realizado pola Administración Xeral do Estado respecto do persoal de similares funcions existente nos portos de interés xeral do Estado.

XUNTA DE GALICIA
09 ABR. 2015
Portos de Galicia

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 924
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Xa que logo, en principio non se prevé un maior custo salarial por esta causa, salvando os custes ordinarios de formación permanente no posto de traballo que respecto do persoal desenvolve Portos de Galicia.

Os efectivos de persoal gardapeiraos que na actualidade veñen desenvolvendo función de policía administrativa nos portos, detallanse no cadro Anexo con indicación de custes e partida de financiamento.

En canto a PREVISIÓN de posibles variacións destes efectivos indicar que:

A moi curto prazo temos en trámite perante a Dirección Xeral de Función Pública e a Dirección de Planificación e Orzamentos a cubertura de 4 postos de celador gardapeiraos, un deles por xubilación.

O custo por traballador desta categoría detállase no cadro seguinte que se financiaría con cargo a recursos propios provintes da prestación de servizos portuarios que xeran crédito no Capítulo de persoal dos Orzamentos de Ingresos de Explotación do ente público para 2015 (que se anexan):

Soldo Bruto	18.995,13€
Seguridade Social	06.496,33€
TOTAL	**25.491,46€**

A medio prazo, entre dous e cinco anos, as previsións é incrementar o número de efectivo en 6 gardapeiraos que se financiarían con cargo a recursos propios provintes da prestación de servizos portuarios que xeran crédito no Capítulo de persoal dos Orzamentos de Ingresos de Explotación do ente público para o exercicio en que de selo caso se autorice tal provisión de postos.

2

Santiago de Compostela a 09 de marzo de 2015.

O xefe da Secretaría Xeral-Asesoría Xurídica, asesor xurídico,

Manuel Bautis Gheda

CONFORME MEDIO RURAL E DO MAR

O DIRECTOR
XUNTA DE GALICIA
PORTOS
José Ignacio Vellar García
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
DIRECTOR

SR. PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 6 A – 6ª
Teléfono: 902 400 670 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO: CADRO.

Nº DE EFECTIVOS DE GARDAPEIRAOS-CUSTE-FINANCIACIÓN E PREVISIÓNS				
NÚM. EFECTIVOS	CUSTE	FINANCIACIÓN	PREVISIÓNS	
37 gardapeiraos *Non se inclúe a xubilación do mes de Feb.2015	1.184.593,68€	Capítulo I Gastos de Persoal, do Orzamento propio de Portos de Galicia.	Coberturas a elevar a informe de dirección xerais de P.P. e de P. e Orzamentos: 4	Coberturas previstas a medio prazo*: 6 *5 anos

DE ASIS A COMPOSTELA

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2015 PAIF 2015-2017

ENTIDADE	406	ENTIDADE PÚBLICA PORTOS DE GALICIA

PERSOAL DIRECTIVO	LIÑA	DENOMINACIÓN	GRUPO	NIVEL	EFECTIVOS	TOTAL RETRIBUCIÓNS ANUAIS
	1752	PRESIDENTE	3	1	1	51.786,50
	1753	DIRECTOR	3	2	1	46.439,01
	1754	DIRECTOR OPERACIONS	3	2	1	46.439,01
		TOTAL			3	144.664,52

CADRO DE PERSOAL	LIÑA	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL	EFECTIVOS	TOTAL RETRIBUCIÓNS ANUAIS
	1756	XEFATURA DE AREA	LABORAL	3	142.135,05
	1759	XEFATURA DE ZONA	LABORAL	3	114.069,42
	1760	XEFE DEPTO ECCP/XEFE OFICINA TECNICA	LABORAL	7	238.171,36
	1761	XEFATURA DEPARTAMENTO	LABORAL	3	114.069,39
	1766	XEFATURA UNIDADE	LABORAL	2	63.692,34
	1769	XEFATURA UNIDADE	LABORAL	1	31.640,06
	1770	XEFATURA UNIDADE	LABORAL	5	141.146,47
	5293	XEFATURA UNIDADE DISP HORARIA	LABORAL	2	65.705,35
	1762	XEFATURA UNIDADE I	LABORAL	3	102.023,47
	1793	AXUDANTE TOPOGRAFO	LABORAL	1	38.923,52
	1812	CELADOR-GARDAPEIRAOS	LABORAL	34	643.399,68
	1800	CELADOR-GARDAPEIRAOS XEFE	LABORAL	4	104.232,68
	1788	CONDUTOR-CONSERXE	LABORAL	3	56.770,56
	1787	CONDUTOR-CONSERXE-PRESIDENTE	LABORAL	1	27.616,20
	1823	CONDUTOR-CONSERXE SS.CC.	LABORAL	1	23.767,97
	1789	VIXIANTE OBRA	LABORAL	2	37.847,04
	1786	ADMINISTRATIVO	LABORAL	16	302.776,32
	1776	ADMINISTRATIVO A.E.P.	LABORAL	2	44.590,56
	1777	DELINEANTE	LABORAL	6	119.820,00
	1771	SECRETARIA PRESIDENTE	LABORAL	1	22.295,28
	1822	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	LABORAL	7	113.730,47
	1824	PEON ESPECIALISTA	LABORAL	3	44.185,80
		TOTAL		110	2.522.658,99

PERSOAL INCEFINIDO NON FIXO	LIÑA	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL	EFECTIVOS	TOTAL RETRIBUCIÓNS ANUAIS
		TOTAL		0	0,00

PERSOAL TEMPORAL	LIÑA	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL	EFECTIVOS	TOTAL RETRIBUCIÓNS ANUAIS
		TOTAL		0	0,00

	IMPORTE GLOBAL
ANTIGÜIDADE	508.965,51
COMPLEMENTOS PERSOAIS	25.146,67
PRODUTIVIDADE	
OUTROS CUSTOS DE PERSOAL	93.578,61

	ORZAMENTO INICIAL 2014	ORZAMENTO INICIAL 2015
TOTAL MASA SALARIAL	3.334.143,78	3.344.814,30
SEGURIDADE SOCIAL	983.990,70	998.642,48
TOTAL CUSTO DE PERSOAL	4.318.134,48	4.343.456,78

XUNTA DE GALICIA
PORTOS de Galicia
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 670 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Portos de Galicia

galicia

INFORME II SOBRE OS REQUIREMENTOS FORMULADOS POLA DIRECION XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA (APLG), FORMULADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS CONSELLERÍA DE FACENDA.

Dentro do trámites corresponden do borrador de Anteproxecto de lei de Portos de Galicia (en adiante borrador de Anteproxecto), que se promove pola Consellería de Medio Rural e do Mar, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, formula os seguintes requerimentos:

- En canto ao Consello Reitor, deberá indicarse, con claridade, se os seus membros perciben algún tipo de retribución ou indemnización/compensación económica pola asistencia ás xuntanzas, e de selo caso, as partidas orzamentarias que as financian.
- No artigo 124.2 atribúeselle ao persoal de Portos de Galicia funcións inspectoras e de policía administrativa, coa consideración no exercicio desas funcións de axentes de autoridade. Para os efectos de realizar unha valoración desta medida, necesítase unha relación do persoal que a entidade necesitará para desempeñar as mencionadas funcións e unha memoria económica na que se especifique o maior gasto que, se é o caso, vai a supoñer o exercicio das mencionadas funcións e o seu financiamento.

A memoria económica deberá axustarse ao disposto na Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuacións (DOG nº 48, do 10 de marzo de 2011).

Complementando o informe emitido o pasado nove de marzo, cómpre indicar, en relación á retribución dos membros do Consello Reitor:

- O Anteproxecto non prevé necesariamente retribucións para os membros do Consello Reitor.
- Respecto de indemnizacións por asistencia ás xuntanzas, ata esta data como dixemos os vogais do Consello perciben 29.000,00 brutas das antigas pesetas, por asistencia a cada sesión. Están previstas un mínimo de catro sesión anuais do Consello.
- Ata estas datas, as indemnización por asistencia implican un custo máximo estimando en 12.180,00 euros para os recursos propios de Portos de Galicia, tendo en conta que o número de vocais con dereito a asistencia é de 21, xa que os membros natos Presidente do Consello e Director de Portos de Galicia, non as perciben. Agora ben, este custo máximo non se acada totalmente como regra xeral xa que hai que ter en conta as inasistencias de vogais, ou mesmo que nonen todos os exercicios anuais se celebren as catro sesión anuais. Por exemplo o ano 2014, so se aboaron por este concepto 6.100,00 €.
- As ditas indemnización abónase con cargo á partida de Orzamentos de Gastos, capitulo II, conta 230 Dietas e locomoción dos Orzamentos de Portos de Galicia.

Santiago de Compostela a 10 de abril de 2015.

O xefe da Secretaría Xeral Asesoría Xurídica, asesor xurídico.

Manuel Bantis Oneda.

CONFORME.

O DIRECTOR DE PORTOS

José Agnasio Villar García.

SR. PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A - 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANTEPROXETO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA.

I.- MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE A NECESIDADE E OPORTUNIDADE DO ANTEPROXECTO DE LEI DE REGULACIÓN DOS PORTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

II.- MEMORIA ECONÓMICA.

Dentro da tramitación correspondente do borrador de Anteproxecto de lei de Portos de Galicia (en adiante borrador de Anteproxecto), que se promove pola Consellería de Medio Rural e do Mar, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, formula, os seguintes requerimentos:

- En canto ao Consello Reitor, deberá indicarse, con claridade, se os seus membros perciben algún tipo de retribución ou indemnización/compensación económica pola asistencia ás xuntanzas, e de selo caso, as partidas orzamentarias que as financian.
- No artigo 124.2 atribúeselle ao persoal de Portos de Galicia funcións inspectoras e de policía administrativa, coa consideración no exercicio desas funcións de axentes de autoridade. Para os efectos de realizar unha valoración desta medida, necesítase unha relación do persoal que a entidade necesitará para desempeñar as mencionadas funcións e unha memoria económica na que se especifique o maior gasto que, se é o caso, vai a supoñer o exercicio das mencionadas funcións e o seu financiamento.

A memoria económica deberá axustarse ao disposto na Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuacións (DOG nº 48, do 10 de marzo de 2011).

En atención ao requerimento relativo á memoria económica, procédese a reformulación desta. 1

I.- MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE A NECESIDADE E OPORTUNIDADE DO ANTEPROXECTO DE LEI DE REGULACIÓN DOS PORTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

1. Oportunidade da proposta. A conveniencia de adopta-la iniciativa normativa.

É sabido que desde os anos 1990, o auxe do comercio marítimo supuxo un especial fortalecemento e desenvolvemento económico dos portos tanto estatais como autonómicos, ao mesmo tempo que desde a Comunidade Autónoma se potencian os mecanismos de ordenación territorial e urbanística.

Na Comunidade Autónoma de Galicia a normativa de xestión e regulación dos portos que se aplica é a normativa dictada polo Estado para a regulación dos portos de interés xeral, por aplicación do reenvío normativo expreso no artigo 4 da Lei 5/194, do 29 de novembro de creación do ente público Portos de Galicia.

A aplicación desta normativa, basicamente a Lei 27/1992, de 24 de Novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante, ata o ano 2003, ainda non adaptándose específicamente ás peculiriadades da xestión dos portos autonómicos galegos, non producía graves dificultades na xestión e administración dos portos da competencia autonómica, xa que se coincidía no modelo xestión, ao outorgar aos portos a titularidade pública dos servizos portuarios ("publicatio").

DE ASÍS A COMPOSTELA
1214 - 2014

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 924
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nembargantes coa aprobación da Lei estatal 48/2003 de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interes xeral, a aplicación aos portos autonómicos de Galicia desta nova lei sí que produce distorsións significativas que derivan, esencialmente, de que a lei portuaria estatal salientada, ten por obxecto regular portos de gran dimensión económica, poseedores dun mercado que atrae a medianas e grandes empresas que pretenden prestar servizos portuarios e de todo tipo para ó tráfico portuario e as mercancías (remolque, amarre de buques, grúas, carga e descarga, depósito, transporte horizontal, almacenaxe e loxística, de mercadorías, etc.), substituíndo nesa labor á propia administración pública portuaria.

En definitiva aborda un modelo de xestión portuaria fundado na definición da función da autoridade portuaria como entidade pública reguladora (*land lord* en lingua inglesa), que non desenvolve a prestación directa de servizos para o tráfico e operacións portuarias.

Este modelo de xestión non é trasladable ás características, dimensións, obxectivos e funcións dos portos autonómicos de competencia da Xunta de Galicia. A diferenza de configuración e tamaño, a distinta dimensión económica e social e a súa implicación e conectividade directa co ámbito urbano onde se sitúa dos nosos portos autonómicos fai que a lei estatal do ano 2003 non sexa adaptable sen máis para a súa regulación e xestión.

Ademais a propia dispersión na ubicación costeira dos nosos portos se ben facilita a distribución e transporte de mercadorías, e a dispoñibilidade de servizos e infraestruturas a ós usuarios ao longo da nosa extensa costa, por outra parte fai necesario contar con instrumentos normativos que contemplen a especificidade de cada zona portuaria.

Así, non teñen os mesmos condicionantes e esixencias os portos ubicados na Costa da Morte que os sitos nas Rías Baixas, por canto a estructura económico-social na que se implantan é diferente en dimensión e estrutura.

Por outra parte, nos nosos portos a dimensión, importancia e distinto ritmo de desenvolvemento dos distintos sectores, comercial, deportivo, e pesqueiro, fai preciso que as normas legais que regulen a xestión destes portos, contemple estas características especiais.

Na regulación da explotación do dominio público, recolle as institucións e procedementos tradicionais do dereito portuario e da normativa de costas que xa contan coa contrastada experiencia desde principios do século pasado, en canto á súa funcionalidade e seguridade xurídica, coincidindo así coa propia normativa estatal e sustancialmente coa normativa de costas. Así por exemplo se recupera o sustancial do trámite de competencia de solicitudes concesionais regulado na antiga Lei xeral de obras públicas de 1877.

Outro aspecto que aborda a norma proxectada, e que debe mencionarse con especial significación, é o feito de que a Comunidade Autónoma de Galicia posee competencias además nas cinco Autoridades Portuarias que engloban seis portos de interés xeral do Estado emprazados no litoral da costa galega, e nos que se desenvolveme tanto actividades pesqueiras, como comerciais e náutico recreativas.

Na propia exposición de motivos da lei 62/1997, de 26 de diciembre, de modificación da lei 27/1992, de 24 de novembro de portos do estado e da marina mercante se resaltaba que pola propia organización territorial do estado e o impacto económico e social que para as Comunidades Autónomas teñen os portos de interés xeneral ubicados no seu territorio,

DE ASÍS A COMPOSTELA
1954 · 2015

resultaba convinte establece-las medidas precisas para facilitar que aquelas participaran con maior intensidade nla estructura organizativa das autoridades portuarias, co obxecto de que as decisións que éstas adopten no exercicio das competencias e funcións que a lei lles atribúe poideran integrar de xeito efectivo os propios intereses económicos e territoriais das Comunidades Autónomas afectadas. Así establécese que as comunidades autónomas designen aos órganos de goberno das autoridades portuarias e determinen a composición última do consello de administración, garantindo nos memos a presencia das administraciones local, autonómica e central, das cámaras de comercio, industria e navegación, das organizacións empresariais e sindiais máis representativas e dos sectores económicos relevantes relacionados co tráfico portuario.

A ley 48/2003 de 6 de novembro de réximen económico e de prestación de servicios dos portos interés xeral incrementou de xeito notable o protagonismo das comunidades autónomas nos portos de interés xeral do estado. Así, intervirán no marco estratéxico do Sistema Portuario Estatal, e na planificación dos obxectivos das autoridades portuarias a fin de logra-la coordinación e/o cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento económico e social mediante os plans de empresa, directores e estratéxicos de cada autoridade portuaria.

O anterior leva a que unha lei autonómica de portos de Galicia analice o concepto de sistema portuario galego que integra tódala infraestruturas portuarias marítimas con independencia de que a súa titularidade ou xestión corresponda ao estado o á comunidade autónoma, procurando incrementa-las sinerxias dos portos galegos en relación co sistema xeral de transporte da comunidade autónoma e a de coordinar competencias en materia de inversións portuarias, política de transportes e de ordenación do territorio.

Por estas razóns actualmente desde a Consellería do Medio Rural e do Mar estímase convinte que se proceda a adopción da iniciativa normativa precisa para que a Comunidade Autónoma de Galicia proceda a regular expresa e directamente as súas competencias materiais sobre portos autonómicos, razón pola que se abordou a iniciativa de elaborar un anteproxecto de lei reguladora dos portos da Comunidade Autónoma.

O Anteproxecto de Lei que estamos a elaborar desde a Consellería, ten en conta as principais claves internas da actividade portuaria nos portos en Galicia nos vindeiros anos. Aspecto tales como:

- A peculiaridade de configuración e xestión dos portos autonómicos en relación coas autoridades portuarias de interés xeral, e á súa vez, a necesidade, cada vez maior, de articular políticas comúns e coordinadas en materia portuaria a nivel comunitario, explorando novas ou máis eficaces fórmulas de xestión que aseguren una optimización do sistema portuario galego.
- Necesidade de adaptación constante das infraestruturas e servizos.
- A mellora dos servizos e actividades portuarias vinculadas ó sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola.
- Crecente demanda de prazas de atraque e de servizos destinados ás embarcacións deportivas.
- A potenciación da iniciativa privada no eido da actividade portuaria, favorecendo que ésta inverta en novas infraestruturas e servizos destinados aos usuarios portuarios.

DE ASIS A COMPOSTELA
1214 - 2014

- A construción de formas de relación dos portos coa vila que sexan favorables para ambas partes.
- A intención de obter solucións globais para a conexión e accesibilidade dos portos galegos coas estradas e co ferrocarril fomentando a intermodalidade.

En conclusión coa norma que se proxecta, preténdese establecer un marco regulatorio e organizativo e de colaboración dentro dun conxunto de infraestrutura portuaria en rede. E todo elo, na medida que os portos galegos están a repercutir sobre a vida social e económica da sociedade galega, facilitando os intercambios socioeconómicos de todo tipo (información e coñecementos técnicos de xestión e organización económica, industrial e comercial, intercambios de mercadorías e produtos) e dinamizando a actividade económica da poboación concentrada na súa zona de influenza, mediante a posta a disposición das empresas de instalacións de transporte, comercialización e distribución de servizos e produtos.

E como tal infraestrutura en rede o seu mantemento e operatividade precisa de:

- Importantes inversións a longo prazo de gran importancia para a poboación e o seu territorio.
- Marcos regulatorios e xurídicos áxiles e seguros.
- E como rede, ademais, de servizos precisa ser xestionada o cal implica a organización do porto.

Debe engadirse ademais que a necesidade de abordar unha lei de portos autonómica, ven esixida polo feito de que, aparte de que entre os portos autonómicos e os de interés xeral ubicados en Galicia, danse como sinalamos diferenzas notables de dimensión, estrutura, operatividade e demais, tamén está a compartir e a experimentar retos comúns que se producen a nivel comunitario con respecto á xestión dos portos. Estes retos poden resumirse en

- Liberalización progresiva dos servizos portuarios, de modo que a prestación dos mesmos non sexa xa unha función exclusiva dos organismos públicos que xestionan os portos, se non que tamén empresas privadas poidan prestar servizos portuarios (grúas, estiba, remolque de buques, en fin todo eso que coñecedes tan ben).
- Aceptación da iniciativa privada na construción, financiación e explotación das infraestruturas (obras, servizos, ...).
- Favorecemento da aparición dunha mínima competencia entre os distintos prestadores de bens e servizos, tanto de mercadorías coma de equipos de estiba e estiba.

En resume, desde o punto de vista da explotación portuaria, no anteproxecto de lei que se está a facer, trátase de establece-los instrumentos legais precisos para atender a todas estas necesidades e circunstancias que xustifican a iniciativa normativa proposta.

2. Normas que quedarán derogadas coa entrada en vigor desta norma.

Por outra parte, aproveítase esta iniciativa normativa para en cumprimento da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e

do sector público autonómico de Galicia, adaptar a esta a Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia.

Adaptación que se leva a cabo, mediante a derogación desta Lei 5/1994, e a integración do seu contido debidamente adaptado a Lei 16/2010, na norma obxecto desta memoria.

3. Axuste da norma proxectada á distribución de competencias.

O artigo 27.9 do Estatuto de Autonomía para Galicia (aprobado por Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril), atribúe á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de portos, aeroportos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado e os portos de refuxio e portos e aeroportos deportivos. O artigo 28.6 de devandito Estatuto atribúe á Comunidade Autónoma competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos términos que a mesma estableza, en materia de portos pesqueiros.

Polo tanto, poden distinguirse dúas materias sobre as que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias de distinto alcance: por unha banda, os portos non cualificados de interese xeral, os portos de refuxio, e os portos deportivos -que son de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia, e, por outra, os portos pesqueiros, sobre os que a Comunidade Autónoma de Galicia só ten competencia de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado. En relación cos portos pesqueiros, a lexislación estatal que a CAG pode desenvolver e executar é a ditada polo Estado no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do sector pesqueiro.

4. Impacto por razón de xénero.

A norma ten un impacto de xénero nulo.

II.- MEMORIA ECONÓMICA.

1. Impacto orzamentario da norma proposta nos estados contables de Portos de Galicia. Afectación potencial de ingresos e gastos. Afectación da Facenda Xeral Autonómica

A xestión portuaria dos portos autonómicos encomendada pola Xunta de Galicia, á súa entidade instrumental Portos de Galicia, desenvolvese por imperativo legal baixo o principio de autosuficiencia financeira da explotación, de xeito que está se sufraga atribuíndo á Facenda de Portos de Galicia o produto dos ingresos por taxas e servizos portuarios. Taxas e servizos portuarios que se regulan na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exacións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste anteproxecto non se regulan nin se afecta o réximen destas taxas portuarias.

Por esta razón desde o punto de vista dos ingresos e gastos de explotación o presente anteproxecto non supón impacto orzamentario nos Estados Contables de Portos de Galicia nin da Facenda xeral autonómica.

Respecto dos gastos correntes, indicar que as cargas de planificación portuaria, urbanística e de xestión dos portos que ser recollen no anteproxecto non supoñen incremento de custes operativos en canto a recursos materiais ou dotación de maiores gastos de personal, xa que o anteproxecto non contempla ningunha regulación que

DE XACOBEO A COMPOSTELA
2004 . 2014

implique incremento deste tipo de gastos, con relación aós que xa se deben asumir actualmente.

Respecto do maior custo que para Portos de Galicia suporá a atribución ao persoal gardapeiroas da condicón de axente da autoridade en exercio das funcións de policía administrativa indicadas no artigo 124.2 do dito Anteproxecto, cómpre indicar que:

Estas funcions xa veñen sendo desempeñadas polo persoal gardapeiraos, tanto o provinte da antiga Subdirección Xeral de Portos e integrado posteriormente en Portos de Galicia, como o de novo ingreso posterior, existindo xuriprudencia que lle recoñece tal condición en canto canto suxeito pasivo de atentados sufridos no exercicio destas.

O borrador de Anteproxecto, pretende reforzar tales recoñecementos xudiciais en termos similares ao realizado pola Administración Xeral do Estado respecto do persoal de similares funcions existente nos portos de interés xeral do Estado.

Xa que logo, en principio non se prevé un maior custo salarial por esta causa, salvando os custes ordinarios de formación permanente no posto de traballo que respecto do persoal desenvolve Portos de Galicia.

Os efectivos de persoal gardapeiraos que na actualidade veñen desenvolvendo función de policía administrativa nos portos, detallanse no cadro Anexo con indicación de custes e partida de financiamento.

En canto a PREVISIÓN de posibles variacións destes efectivos indicar que: 6

A moi curto prazo temos en trámite perante a Dirección Xeral de Función Pública e a Dirección de Planificación e Orzamentos a cubertura de 4 postos de celador gardapeiraos, un deles por xubilación.

O custo por traballador desta categoría detallase no cadro seguinte que se financiaría con cargo a recursos propios provintes da prestación de servizos portuarias que xeran crédito no Capítulo de persoal dos Orzamentos de Ingresos de Explotación do ente público para 2015 (que se anexan):

Soldo Bruto	18.995,13€
Seguridade Social	06.496,33€
TOTAL	**25.491,46€**

A medio prazo, entre dous e cinco anos, as previsións é incrementar o número de efectivo en 6 gardapeiraos que se financiarían con cargo a recursos propios provintes da prestación de servizos portuarios que xeran crédito no Capítulo de persoal dos Orzamentos de Ingresos de Explotación do ente público para o exercicio en que de selo caso se autoricen.

DE ASÍS A COMPOSTELA
2014 · 2044

2. Descrición do impacto económico na sociedade e nos usuarios e sectores económicos e produtivos que operan nos portos.

Indicado xa que o anteproxecto non contempla afectación algunha das taxas portuarias, por ser estas obxecto de regulación na dita Lei 6/2003, descartamos tamén un impacto económico sobre os sectores económicos e productivos portuarios, xa o maior impacto sobre estes deriva da modificación daquelas taxas portuarias.

Indicar que ao aumentarse en cinco anos o prazo máximo das concesións demaniais, se considera que tal medida terá un impacto económico beneficioso sobre as actividades económicas que se desenvolven nos portos ao amparo destes dereitos reais administrativos.

Tampouco se prevén impactos de carácter social ou medioambiental no anteproxecto.

Santiago de Compostela a 09 de marzo de 2014.

O DIRECTOR,

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
DIRECTOR

José Ignacio Vilar García
Portos de Galicia

DE ASÍS A COMPOSTELA
2014 - 2014

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2015 PAIF 2015-2017

ENTIDADE	406	ENTIDAD PÚBLICA PORTOS DE GALICIA

PERSOAL DIRECTIVO	LIÑA	DENOMINACIÓN	GRUPO	NIVEL	EFECTIVOS	TOTAL RETRIBUCIÓNS ANUAIS
	1752	PRESIDENTE	3	1	1	51.786,50
	1753	DIRECTOR	3	2	1	46.439,01
	1754	DIRECTOR OPERACIONS	3	2	1	46.439,01
		TOTAL			3	144.664,52

CADRO DE PERSOAL	LIÑA	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL	EFECTIVOS	TOTAL RETRIBUCIÓNS ANUAIS
	1756	XEFATURA DE AREA	LABORAL	3	142.135,05
	1759	XEFATURA DE ZONA	LABORAL	3	114.069,42
	1760	XEFE DEPTO-ECCP/XEFE OFICINA TECNICA	LABORAL	7	238.171,36
	1761	XEFATURA DEPARTAMENTO	LABORAL	3	114.069,39
	1766	XEFATURA UNIDADE	LABORAL	2	63.692,34
	1769	XEFATURA UNIDADE	LABORAL	1	31.640,06
	1770	XEFATURA UNIDADE	LABORAL	5	141.146,47
	3293	XEFATURA UNIDADE DISP.HORARIA	LABORAL	2	65.705,35
	1767	XEFATURA UNIDADE1	LABORAL	3	102.073,47
	1793	AXUDANTE TOPOGRAFO	LABORAL	1	18.923,57
	1812	CELADOR-GARDAPEIRAOS	LABORAL	34	643.399,68
	1800	CELADOR-GARDAPEIRAOS XEFE	LABORAL	4	104.232,68
	1788	CONDUTOR-CONSERXE	LABORAL	3	56.770,56
	1787	CONDUTOR-CONSERXE PRESIDENTE	LABORAL	1	27.616,20
	1823	CONDUTOR-CONSERXE SS.CC	LABORAL	1	23.767,97
	1769	VIXIANTE OBRA	LABORAL	2	37.847,04
	1786	ADMINISTRATIVO	LABORAL	16	302.776,32
	1776	ADMINISTRATIVO A.E.P.	LABORAL	2	44.590,56
	1777	DELINEANTE	LABORAL	6	119.820,00
	1771	SECRETARIA PRESIDENTE	LABORAL	1	22.295,28
	1822	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	LABORAL	7	113.730,47
	1824	PEON ESPECIALISTA	LABORAL	3	44.185,80
		TOTAL		110	2.572.658,99

PERSOAL INDEFINIDO NON FIXO	LIÑA	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL	EFECTIVOS	TOTAL RETRIBUCIÓNS ANUAIS
		TOTAL		0	0,00

PERSOAL TEMPORAL	LIÑA	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL	EFECTIVOS	TOTAL RETRIBUCIÓNS ANUAIS
		TOTAL		0	0,00

	IMPORTE GLOBAL
ANTIGÜIDADE	508.965,51
COMPLEMENTOS PERSOAIS	25.146,67
PRODUTIVIDADE	
OUTROS CUSTOS DE PERSOAL	93.378,61

	ORZAMENTO INICIAL 2014	ORZAMENTO INICIAL 2015
TOTAL MASA SALARIAL	3.334.143,78	3.344.814,30
SEGURIDADE SOCIAL	983.990,70	998.642,48
TOTAL CUSTO DE PERSOAL	4.318.134,48	4.343.456,78

XUNTA DE GALICIA
Portos de Galicia
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono. 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

INFORME II SOBRE OS REQUIREMENTOS FORMULADOS POLA DIRECION XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE PORTOS DE GALICIA (APLG), FORMULADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS CONSELLERÍA DE FACENDA.

Dentro do trámites corresponden do borrador de Anteproxecto de lei de Portos de Galicia (en adiante borrador de Anteproxecto), que se promove pola Consellería de Medio Rural e do Mar, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, formula os seguintes requerimentos:

- En canto ao Consello Reitor, deberá indicarse, con claridade, se os seus membros perciben algún tipo de retribución ou indemnización/compensación económica pola asistencia ás xuntanzas, e de selo caso, as partidas orzamentarias que as financian.
- No artigo 124.2 atribúeselle ao persoal de Portos de Galicia funcións inspectoras e de policía administrativa, coa consideración no exercicio desas funcións de axentes de autoridade. Para os efectos de realizar unha valoración desta medida, necesítase unha relación do persoal que a entidade necesitará para desempeñar as mencionadas funcións e unha memoria económica na que se especifique o maior gasto que, se é o caso, vai a supoñer o exercicio das mencionadas funcións e o seu financiamento.

A memoria económica deberá axustarse ao disposto na Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuacións (DOG nº 48, do 10 de marzo de 2011).

Complementando o informe emitido o pasado nove de marzo, cómpre indicar, en relación á retribución dos membros do Consello Reitor:

- O Anteproxecto non prevé necesariamente retribucións para os membros do Consello Reitor.
- Respecto de indemnizacións por asistencia ás xuntanzas, ata esta data como dixemos os vogais do Consello perciben 29.000,00 brutas das antigas pesetas, por asistencia a cada sesión. Están previstas un mínimo de catro sesión anuais do Consello.
- Ata estas datas, as indemnización por asistencia implican un custo máximo estimando en 12.180,00 euros para os recursos propios de Portos de Galicia, tendo en conta que o número de vocais con dereito a asistencia é de 21, xa que os membros natos Presidente do Consello e Director de Portos de Galicia, non as perciben. Agora ben, este custo máximo non se acada totalmente como regra xeral xa que hai que ter en conta as inasistencias de vogais, ou mesmo que non en todos os exercicios anuais se celebren as catro sesión anuais. Por exemplo o ano 2014, so se aboaron por este concepto 6.100,00 €.
- As ditas indemnización abonase con cargo á partida de Orzamentos de Gastos, capitulo II, conta 230 Dietas e locomoción dos Orzamentos de Portos de Galicia.

Santiago de Compostela a 10 de abril de 2015.

O xefe da Secretaría Xeral-Asesoría Xurídica, asesor xurídico,

Manuel Bautis Oheda.

CONFORME

O DIRECTOR

-José Ignacio Villar García-

SR. PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA.